



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes
Sección de Educación, Cultura e Deportes

Referencia: BINV-AH / 2018

Expediente: 2018000005497

RESOLUCIÓN Nº 36030 DO 24/10/2018, POLA QUE SE APROBA A CONCESIÓN DEFINITIVA DAS BOLSAS INVESTIGACIÓN 2018- ÁREA DE ARTES E HUMANIDADES DURANTE O ANO 2018

Don VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña.

A Resolución de Presidencia nº 27000 do 17/08/2018 aprobou a concesión provisional das BOLSAS INVESTIGACIÓN 2018- Área de artes e humanidades, e concedeu un prazo 10 días hábiles para comunicar, se é o caso, a desistencia da solicitude, presentar alegacións ou emenda de erros.

Comprobouse pola unidade xestora que no prazo de alegacións concedido, Miriam Elena Cortés López solicitou coñecer os criterios de valoración do apartado de "Proxecto de investigación", a puntuación obtida en dito apartado e aclaración de dúbidas en referencia a valoración do apartado de "Currículo Vitae "

Comprobada a acta da primeira reunión do tribunal, do 13 de xullo de 2018, constan os seguintes subcriterios de valoración no apartado de "proxecto de investigación": 1) Claridade na identificación e xustificación do obxecto de investigación e metodoloxía (ata 1,5 puntos); 2) Recursos, accións e prazos (ata 0,5 puntos); 3) Novidade e orixinalidade dentro da área. Utilidade e capacidade de incidencia na área (ata 1 punto); 4) Grao ou nivel de repercusión social potencial e viabilidade da súa aplicación práctica.

Con data 17/09/2018 o tribunal emitiu informe contestando as cuestións expostas pola solicitante en referencia ao apartado de "Currículo vitae ", e confirmando a puntuación acadada, detallando a puntuación obtida no apartado de "Proxecto de investigación", o que foi notificado á interesada con data do 19/09/2018.

Vistos o informe do Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes e o informe do Servizo de Fiscalización.

RESOLVO:

1.- Desestimar as alegacións presentadas por Miriam Elena Cortés López

2 - Conceder definitivamente as bolsas aos solicitantes que se relacionan no Anexo 1 polos importes que se indican, con cargo á partida orzamentaria 0612/3262/481, sendo o importe total proposto de 32.000,00€.

3.- Existe crédito no documento contable "A" núm. de operación 220180015348 da aplicación orzamentaria 0612/3262/481, por importe de 24.000,00 € e no documento contable "RC" núm. de operación 220180033879 da aplicación orzamentaria 0612/3262/481, por importe de 8.000,00 €. Deberán realizarse as seguintes operacións contables coa finalidade de ter o crédito da presente convocatoria nun único documento contable :

- Anular A nº operación 220180015348 por importe de 24.000,00 € e o seu correspondente RC (Nº expediente 2018000005497)
- Anular o documento RC nº operación 220180033879 por importe de 8.000,00 € (Nº expediente 2018000005497)
- Emitir un novo documento RC por importe de 32.000,00 € e contabilizar o correspondente A co Nº de expediente 2018000005497
- A contabilización dos documentos D efectuarase, con cargo ao documento A sinalado, a favor de cada un dos bolseiros co seu correspondente número de expediente.

4.- Nomear suplentes ás persoas solicitantes que se relacionan no Anexo 2.

5.- Publicar a presente resolución na web da Deputación Provincial da Coruña, co que se entenderá notificada aos interesados, de acordo co establecido no art. 45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

ANEXO 1. CONCESIÓN DAS BOLSAS

	Solicitudes	Importe bolsa
Persoa beneficiaria	CASTIÑEIRAS LÓPEZ, JAVIER	8.000,00€
Expediente	2018000026519	
Obxecto	As fortalezas da provincia da Coruña na Idade Media. Estudio histórico artístico, posta en valor patrimonial e explotación turística.	
Persoa beneficiaria	RIVO VÁZQUEZ, MARÍA	8.000,00€
Expediente	2018000026283	
Obxecto	Bernardo Barreiro e o discurso histórico-artístico en Galicia Diplomática (1882-1893): biografía, estudo crítico e divulgación na rede	
Persoa beneficiaria	VAL PEÓN, CRISTINA	8.000,00€
Expediente	2018000027118	
Obxecto	Útimos neandertais e primeiros Humáns Anatomicamente Modernos no territorio galego: evolución paleoambiental a partir do estudo palinolóxico de Cova Eirós (Triacastela, Lugo).	
Persoa beneficiaria	WEBB, PHILIP DUNCAN	8.000,00€
Expediente	2018000026502	
Obxecto	A inmigración galega no Paraguai (1870-1936): traballo, cultura e identidade entre os inmigrantes coruñeses	
	Total concedido	32.000,00€

ANEXO 2. SUPLENTE

Suplente 1: Miriam Elena Cortés López

Suplente 2: Sonia Rico Alonso

Suplente 3: Rocío Botana Iglesias

Suplente 4: Pablo Vázquez Bello

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor alternativamente recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña ou daquel no que teña o seu domicilio o recorrente, á súa elección, no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se exercite calquera outro recurso que se estime pertinente.